

Enrique Oubiña critica a mala organización do PP coa planificación da obra de cambio de céspede no campo da Bouza en Barrantes

Lamenta que non se axilizase antes esta contratación, para permitir a súa realización fora do período escolar e da liga de fútbol e que non se lle ofrezan alternativas ao Umia, F.C.

Este mércores tivo lugar un pleno extraordinario onde se decidiu de xeito urxente a aprobación, cos únicos votos a favor do PP, do expediente de contratación e plego de cláusulas administrativas e técnicas para a licitación da subministración e instalación do céspede artificial no campo de fútbol de barrantes.

Enrique Oubiña non pode menos que lamentar esta maneira apresurada de actuar, sen nin sequera ter tempo para realizar unha comisión informativa onde poder debater sobre as condicións que se van requirir para a substitución do dito céspede. Lembra unha vez mais que e levou unha proposta ao pleno no mes de xaneiro para aprobar o cambio de cespede do campo da Bouza e que si se houbese aprobado entón permitiría planificar a obra con tempo suficiente para facela durante o período vacacional en que o campo está sen uso.

Pero agora as consecuencias da mala planificación por parte do grupo popular fanse evidentes nos propios prazos, axustadisimos postos polo PP para executar a obra: 8 días naturais para presentación de ofertas (10 días para recepcionar as presentadas noutras institucións); a apertura de proposicións o 3º día hábil posterior ao peche de recepción de ofertas e adxudicación nos dentro dos 2 seguintes e finalmente o contrato de obra debe formalizarse nos 15 días seguintes **tendo un prazo de 30 días para a realización da mesma...**

Aínda así, sendo moi optimistas vai ser difícil que a obra estea rematada antes de finais de setembro ou principios de Outubro. Por este motivo Oubiña quixo saber como se vai proceder mentres duren as obras co adestramento dos nenos e xogadores do Umia e mais que solución hai prevista para cando comecen as clases no colexio. **A sorprendente resposta do PP foi que o Umia xa estaba informado e xa estaba buscando solucións e que os nenos teñen patios e en caso necesario os corredores do colexio poden ser usados durante os recreos. Ou sexa, que o concello pecha o campo pero non aporta alternativas, deixando o club e o colexio que se arranxen pola súa conta.**

Outro asunto que nos chamou a atención foi que, a pesar da grande cantidade de mostras e detalles técnicos esixidos nas bases de contratación, **logo so se lle esixa a empresa instaladora unha garantía de 2 anos**, logo dos cales se correría o risco de volver á mesma situación.

Observando isto, Enrique Oubiña propuxo que se cambiase o criterio de adxudicación final, estritamente económico, e **se centrase a aceptación da oferta en aprobar uns materiais duradeiros, dentro por suposto do máximo orzamentado**, e que en calquera caso se esixira unha garantía maior que os dous anos inicialmente propostos polo PP, proposta que foi aceptada.

O feito de que a mesa de contratación estivese integrada por só cinco membros: Alcadesa, o Concelleiro de obras, a Secretaria-Interventora, o Técnico Municipal e un Técnico da Deputación, tamén foi duramente criticado por Enrique Oubiña. En primeiro lugar pola presenza dun técnico da deputación, algo inadmisíbel cando a Deputación non vai facer aportación ningunha, polo que supón unha intromisión descarada nun asunto municipal. **Dende o noso punto de vista nesa mesa deberían participar representantes do club de fútbol**, que son os que máis uso profesional van dar ó campo, e dende logo é moi censurable que os membros da oposición se lles negue participar da contratación dunha obra que vai supor unha importante inversión para todos os veciños de Ribadumia, tanto os que votan o PP como os que votan a outras opcións.

Enrique Oubiña reafirmase no que dixo no pleno anterior. *Se isto se tivera aprobado en Xaneiro cando dende o noso grupo levamos unha moción para o cambio do céspede a pleno en lugar de agardar a que a directiva do Umia cambiase por unha máis do agrado do PP, agora non serían necesarias as presas, pois habería tempo abondo para incluír a partida nos orzamentos e para proceder a licitación e a obra con tempo abondo sen ter que causar molestias ou incomodos a ningún. Isto é o que pasa cando se politiza interesadamente o deporte, que os veciños pagan as consecuencias*.

Enrique Oubiña, concelleiro non adscrito.
Ribadumia, 7 de Agosto de 2014

